



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Historia moderna de España

|                          |  |              |            |                    |
|--------------------------|--|--------------|------------|--------------------|
| Materia                  | Historia moderna de España   |              |            |                    |
| Código                   | O02G251V01603  |              |            |                    |
| Titulación               | Grao en<br>Xeografía e<br>Historia   |              |            |                    |
| Descriidores             | Creditos ECTS<br>6   | Sinale<br>OB | Curso<br>3 | Cuadrimestre<br>2c |
| Lingua de<br>impartición | Castelán<br>Galego   |              |            |                    |
| Departamento             | Historia, arte e xeografía   |              |            |                    |
| Coordinador/a            | López Díaz, María  |              |            |                    |
| Profesorado              | López Díaz, María  |              |            |                    |
| Correo-e                 | marial@uvigo.es  |              |            |                    |
| Web                      | <a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>  |              |            |                    |
| Descripción<br>xeral     | Coñecemento dos fundamentos básicos da civilización e sociedade españolas da Idade Moderna, nas súas vertentes política, económica, social e cultural; e a súa interrelación con outras civilizacions e sociedades europeas e ultramarinas |              |            |                    |

## Competencias

### Código

|     |  |
|-----|--|
| A1  | Que os estudiantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo. |
| A4  | Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.  |
| B3  | Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica  |
| B5  | Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz  |
| C12 | Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado   |
| C16 | Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade   |
| C19 | Coñecemento da historia nacional propia  |
| D4  | Comunicación oral e escrita no idioma propio   |
| D9  | Traballo en equipo en diversos contextos   |
| D11 | Capacidade de aprendizaxe autónoma   |
| D14 | Motivación pola calidade   |

## Resultados de aprendizaxe

### Resultados previstos na materia

### Resultados de Formación e Aprendizaxe

|   |                       |
|---|-----------------------|
| Coñecemento dos conceptos principais da Historia da Península Ibérica   | C16<br>C19            |
| Coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada  | A1 B3 C16 D11<br>C19  |
| Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado  | C12                   |
| Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas             | B3                    |
| Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados na bibliografía específica | A4 B5 D4<br>D9<br>D14 |

## Contidos

### Tema

|  |  |
|--|--|
| 1. Bases estruturais                   | 1.1. Demografía, poboación e sociedade na España do Antigo Réxime<br>1.2. Os sectores económicos da España do Antigo Réxime<br>1.3. O pensamento económico hispano: teoría e práctica nos séculos XVI-XVIII                    |
| 2. Cultura e mentalidades              | 2.1. O problema do Renacemento español e a reforma católica<br>2.2. A cultura do Barroco e da Ilustración en España<br>2.3. Cultura popular e mentalidades na época das Luces  |
| 3. Política e relacións internacionais | 3.1. Os Reis Católicos e a Monarquía española no cincocentos (reinados de Carlos I e Felipe II)<br>3.2. A Monarquía española no seiscentos: os Austrias menores<br>3.3. A España borbónica. A crise do Antigo Réxime en España |

## Planificación

|                               | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|-------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Actividades introductorias    | 1             | 0                  | 1            |
| Lección maxistral             | 24            | 30                 | 54           |
| Obradoiro                     | 6             | 12                 | 18           |
| Resolución de problemas       | 7             | 28                 | 35           |
| Eventos científicos           | 2             | 0                  | 2            |
| Seminario                     | 4             | 0                  | 4            |
| Exame de preguntas obxectivas | 4             | 20                 | 24           |
| Práctica de laboratorio       | 2             | 6                  | 8            |
| Autoavaliación                | 0             | 4                  | 4            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

|                            | Descripción   |
|----------------------------|---|
| Actividades introductorias | Sesión dedicada á presentación do programa da materia, e a tomar un primeiro contacto cos/os alumnos/as o fin de coñecer o seu interese e motivación pola mesma   |
| Lección maxistral          | Exposición detallada por parte do docente dos contidos teóricos da materia, destacando aquelas liñas básicas que haberán de permitir o desenvolvemento das actividades relacionadas co temario.   |
| Obradoiro                  | Actividades encamiñadas ao traballo intensivo do alumnado sobre un aspecto, tema ou conxunto de temas do programa, que implicará a lectura e manexo de bibliografía específica, responder a preguntas guía formuladas polo docente, a realización de ensaios e cuestionarios, así como a participación nas sesións de debate que levan a cabo. Dentro das mesmas inclúense dous seminarios programados. |
| Resolución de problemas    | Actividades encamiñadas a resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos da materia. Inclúe o traballo con materiais bibliográficos.  |
| Eventos científicos        | Horas reservadas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas polo Departamento de Historia, Arte e Xeografía ou ben pola Facultade de Historia.   |
| Seminario                  | Seguimento e aclaración de dúbihdas sobre os contidos da materia, así como doutros traballos e exercicios prácticos requiridos aos alumnos.   |

## Atención personalizada

| Metodoloxías            | Descripción   |
|-------------------------|---|
| Obradoiro               | A atención personalizada consistirá en resolver as dúbihdas relacionadas coa lectura e análise dos diversos materiais que formarán parte dos exercicios prácticos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic). |
| Resolución de problemas | A atención personalizada consistirá en resolver as dúbihdas relacionadas coa lectura e análise dos diversos materiais que formarán parte dos exercicios prácticos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic). |
| Seminario               | A atención personalizada consistirá en resolver as dúbihdas relacionadas coa lectura e análise dos diversos materiais que formarán parte dos exercicios prácticos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic). |

## Avaliación

| Descripción             |  | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |                        |
|-------------------------|--|---------------|---------------------------------------|------------------------|
| Lección maxistral       | Os contidos impartidos nas leccións maxistrais avaliaranse mediante a realización de dous exames (parciais). Cada un deles inclúe preguntas de resposta curta e un exercicio práctico. Para superar a materia será preciso acadar, en cada un de ditos exames, unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia da Península Ibérica e coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada. | 60            | A1                                    | C16<br>C19             |
| Obradoiro               | Presentación e análise crítica de materiais relacionados cos contidos da materia, traballados previamente ou debatidos na aula. Valorarase o grao de participación dos/os alumnos/as en devanditos debates. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuados e o pasado e respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.   | 10            | A4 B5                                 | D9                     |
| Resolución de problemas | Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos criterios fixados polo docente, dos exercicios e materiais elaborados na sesión prácticas. Pode incluir a realización dun cuestionario. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Análise e valoración dos conceptos apresos a partir do uso de fontes históricas e bibliográficas.   | 20            | A4 B3 C19                             | D4<br>D9<br>D11<br>D14 |
| Autoavaliación          | Valoración e avaliação do traballo autónomo do alumnado, mediante a realización dos cuestionarios de autoavaliación sobre os contidos da materia a través de Moodle. Computaranse as respostas correctas. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliação neste apartado son:<br>Coñecemento dos conceptos principais da Historia da Península Ibérica e coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada.   | 10            | C16 D11<br>C19                        |                        |

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Os/as estudiantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nolos os seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliação, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requirian presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través do TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.). O estudiante deberá cumplir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliação continua. Así mesmo deberá Todos/as os/os alumnos/as matriculados/as na materia teñen dereito a realizar o exame final, no que serán avaliados/as dos contidos do programa (Artigo 12 do Regulamento de Estudiantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos/as que non poidan acollerse á avaliação continua (que esixe a entrega en tempo e forma de todas as tarefas) serán avaliados dos contidos da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará o 30% restante. O devandito traballo deberá estar asinado, como mínimo, un mes antes da realización do exame oficial e entregarse coincidindo coa data fixada polo Centro para a realización do mesmo en cada convocatoria. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción mencionado art. 12), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 na proba escrita (contidos teóricos e prácticos).

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Domínguez Ortiz, A. (dir.), **Historia de España, vols. 5, 6 e 7**, 1.<sup>a</sup> edición, Planeta, 1988-89

Floristán, A. (coord.), **Historia de España en la Edad Moderna**, 1.<sup>a</sup> edición, Ariel, 2004

Fontana, J. & Villares, R. (dirs.), **Historia de España, vols. 3, 4 e**, 1.<sup>a</sup> edición, Crítica & Marcial Pons, 2007-08

Jover Zamora, J. M.<sup>a</sup> (dir.), **Historia de España, fundada por Ramón Menéndez Pidal, vols. 17 a 31**, 1.<sup>a</sup> edición, Espasa-Calpe, 1989-

Martínez Ruiz, E. et al., **España moderna**, 1.<sup>a</sup> edición, Istmo, 1992

Rodríguez García, J. & Castilla Soto, J., **Diccionario de términos de Historia de España. Edad Moderna**, 1.<sup>a</sup> edición, Ariel, 2005

#### Bibliografía Complementaria

Lynch, John, **Historia de España. Vol. 5. Edad Moderna - Crisis y Recuperación, 1598-1808**, Crítica, 2005

García Cárcel, R.; Simón Tarrés, A., Rodríguez, A.; Contreras, J., **Manual de historia de España. 3. Siglos XVI-XVII**, 1.<sup>a</sup> edición, Historia 16, 1991

Artola, M., **La Hacienda del Antiguo Régimen**, 1.<sup>a</sup> edición, Alianza, 1982

Capel Martínez, R. M.<sup>a</sup> & Cepeda Gómez, J., **El siglo de las Luces. Política y sociedad**, 1.<sup>a</sup> edición, Síntesis, 2006

Comín, F., Hernández, M. & Llopis, E. (eds.), **Historia económica de España: siglos X-XX**, 1.<sup>a</sup> edición, Crítica, 2002

|  |
|--|
| Domínguez Ortiz, A., <b>Sociedad y estado en el siglo XVIII español</b> , 1.ª edición, Ariel, 1976                   |
| Elliott, J., <b>La España Imperial, 1469-1716</b> , 5.ª edición, Vicens Vives, 1986                                  |
| Fernández Albaladejo, P., <b>Fragmentos de Monarquía. Trabajos de historia política</b> , 1.ª edición, Alianza, 1992 |
| Franco Rubio, G. A., <b>Cultura y mentalidad en la España Moderna</b> , 1.ª edición, Mergabrum, 1999                 |
| García Cárcel, R., <b>Las culturas del Siglo de Oro</b> , 1.ª edición (red. 1989), Historia 16, 1998                 |
| González Enciso, A. et al., <b>Historia económica de la España moderna</b> , Actas, 1992                             |
| Lynch, J., <b>Los Austrias (1516-1700)</b> , 3.ª edición, Crítica, 2007  |
| Lynch, J., <b>El siglo XVIII</b> , 1.ª edición, Crítica, 1991  |
| Marcos Martín, A, <b>España en los siglos XVI, XVII y XVIII: economía y sociedad</b> , 1.ª edición, Crítica, 2000    |
| Nadal, J., <b>La población española. Siglos XVI al XX</b> , 2.ª edición corr. y aum., Ariel, 1986                    |
| Sánchez Blanco, F., <b>La Ilustración en España</b> , 1.ª edición, Akal, 1997  |
| Vincent, B. & Ruiz Ibáñez, J. J., <b>Los siglos XVI-XVII. Política y sociedad</b> , 1.ª edición, Síntesis, 2007      |

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Historia moderna universal/O02G251V01402

Historia: Metodoloxía da historia/O02G251V01401

## Outros comentarios

A lo largo do curso entregárase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos/as os/as alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

## Plan de Continxencias

### Descripción

#### ==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ====

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridad, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanteñ, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

#### ==== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ====

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistrais, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos...) manteranse mediante a utilización combinada de FaiTic e Campus Remoto.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo y/ou impartidos online.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de FaiTic (foros, corrección comentada de tarefas...) e do Campus Remoto (tutorías persoais e en grupo).

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado por la profesora e utilizado nas aulas.

\* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

#### ==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ====

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

\* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de FaiTic

Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en FaiTic.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en FaiTic. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móvil.

---